

## Variación nas prazas ofertadas a TCAE

Mércores, 23 Marzo 2011 22:03

---

Despois de diversas conversacións telefónicas co SERGAS no día de onte e esta mañá sobre o mal axustada que estaba a oferta de prazas de TCAE (posto que nalgunhas comarcas se ofertaban moitas máis prazas que aprobadas había, caso do Barco, e noutras, como Santiago, ofertábanse moitas menos das que poderían ofertar, habendo máis xente aprobada nesas áreas) parece que o SERGAS rectifica.

Este é o cadro de prazas que figura colgado na [páxina web do SERGAS](#) esta tarde:

CODIGO	CATEGORÍA	1501	1505	1515	1516	1571	2701	2706	2707	3201	3204	3215	3601	3603	3615
26	Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermería	127	9	21	11	99	10	16	0	42	18	11			

1501	C. H. UNIVERSITARIO A CORUÑA
1505	AREA SANITARIA DE FERROL - A. ESPECIALIZADA
1515	H. DA BARBANZA
1516	H. VIRXE DA XUNQUEIRA
1571	C. H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2701	H.U. LUCUS AUGUSTI
2706	H. C. DA COSTA - BURELA
2707	H. C. DE MONFORTE DE LEMOS
3201	C. H. DE OURENSE
3204	H. C. DE VALDEORRAS
3215	H. DE VERÍN
3601	C. H. UNIVERSITARIO DE VIGO
3603	C. H. DE PONTEVEDRA
3615	H. DO SALNÉS

Como se pode observar, houbo algún cambio no reparto de prazas ofertadas.

**Actualización 24/3/11**: O SERGAS remite unha mensaxe aclaratoria sobre este tema:

*Sobre as prazas ofertadas para os aprobados da OPE de TCAE produciuse unha variación con respecto as remitidas ao DOG, polo que se aumentan as prazas a ofertar no CHUS (99) e diminúen no BARCO (18). Estes cambios aparecerán como corrección de erros no DOG do venres.*

[Corrección de erros publicada o 25 de marzo](#) .

Non houbo, porén, variacións na oferta de Lugo, onde parece ser que saen 10 prazas que antes non saíron ofertadas a traslados, dándose a situación de que houbo xente desta categoría que tivo que quedar sen poder trasladarse a Lugo por non haber suficientes prazas e agora ven como algunha xente que aprobou a OPE en curso si que vai poder coller a praza alí. CIG-Saúde xa se puxo en contacto con Recursos Humanos para denunciar esta situación.